

ACTA DA REUNIÓN DO 13 DE OUTUBRO DE 2015 DA MESA DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO.

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario do Parlamento de Galicia

D^a. Concepción Burgo López
Vicesecretaria do Parlamento de Galicia

D^a. María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

D^a. Carolina Costoya Pardo
Directora da Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento reúnen-se, ás 9,45 horas do **13 de outubro de 2015**, as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación das ofertas presentadas na contratación, mediante procedemento aberto, dos servizos para a prestación do servizo de prevención alleo.

Orde do día:

Punto primeiro.- Estudo a avaliación do informe técnico relativo a documentación presentada nos sobres B (Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor).

Punto segundo.- Comunicación da puntuación obtida polas empresas en base aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor.

Punto terceiro.- Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas").

Desenvolvemento da reunión:

Punto primeiro.- Estudo a avaliación do informe técnico relativo a documentación presentada nos sobres B (Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor).

Estudase o informe técnico elaborado polo Servizo de Réxime Interior sobre a documentación contida nos sobres B das empresas concorrentes no que se propón a atribución da seguinte puntuación:

Aspecto a valorar	Puntuación atribuída		
	Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U.	Gerosalud, S.L.	Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U.
Valor técnico da oferta			
Medios, procedementos e protocolos de actuación	11	4	13
Calidade profesional do equipo de traballo	3	0	10
Plan de formación anual	0,5	2	1
Programa anual de actividades	2	1	2
Melloras			
Probas e protocolos de actuación no caso de necesidade de realización de novas probas e/ou complementarias.	6	7	14
Aplicacións informáticas on-line	3	3	3
Total puntuación máxima	25,5	17	43

Analizado e debatido o informe, o seu contido é asumido integramente pola Mesa de Contratación.

Punto segundo.- Comunicación da puntuación obtida polas empresas en base aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor.

Invítase a que accedan á sala os representantes presentes das empresas concorrentes:

D. Gonzalo Robredo González (dni nº 7681303E), en representación de Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U.

D^a. Belén Reija (dni nº 33333938S) e D. José Ramil Bermúdez (dni nº 76416373J) en representación de Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U.

D. Alberto González Varela (dni nº 47355155H) en representación de Gerosalud, S.L.

O presidente da Mesa de contratación anuncia que non se procederá á lectura do anuncio de licitación por terse cumprimentado este trámite na sesión pública de apertura dos sobres B.

Informa que o 14 de setembro celebrouse a sesión pública de apertura dos sobres "B" e posteriormente a documentación neles contida foi trasladada á unidade administrativa competente do Parlamento de Galicia para a súa valoración.

Comunica que, logo de analizado o correspondente informe técnico de avaliación efectuado por esa unidade, que asume a Mesa de Contratación, determínase a atribución da seguinte puntuación:

EMPRESA	Puntuación
Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U.	25,5
Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U.	43
Gerosalud, S.L.	17

Punto terceiro.- Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas").

O presidente invita aos presentes a que examinen os sobres "C", e comprobén que se atopan pechados e nas condicións nas que foron entregados. Informa que poden efectuar as manifestacións ou observacións que consideren oportunas antes de proceder á apertura dos sobres pero que unha vez iniciada, non se admitirán interrupcións.

Procédese a continuación á apertura dos sobres presentados.

O secretario anuncia aos presentes as ofertas contidas nos respectivos sobres, que son as seguintes:

Mugatra Sociedad de Prevención, S.L.U.:

- Prezo do contrato, (sen IVE): **107.200,00 €**
- Prezo/hora do servizo de rehabilitación, (sen IVE): **14,00 €**
- Melloras:
 - Probas de esforzo.
 - Control e seguimento de colesterolemia.
 - Test detección sangue oculta en feces.
 - Test alento.
 - Test estreptococo.

Universal Prevención y Salud, sociedad de prevención, S.L.U.


- Prezo do contrato, (sen IVE): **117.111,00 €**
- Prezo/hora do servizo de rehabilitación, (sen IVE): **8,50 €**
- Melloras:
 - Estudio cardiovascular personalizado.
 - Probas de esforzo.
 - Control e seguimento de colesterolemia.
 - Test detección sangue oculta en feces.
 - Test alento.
 - Test estreptococo.

Gerosalud, S.L.

- Prezo do contrato, (sen IVE): **119.800,00 €**
- Prezo/hora do servizo de rehabilitación, (sen IVE): **13,80 €**

- Melloras:
 - Estudio cardiovascular personalizado.
 - Probas de esforzo.
 - Control e seguimento de colesterolemia.
 - Test detección sangue oculta en feces.
 - Test alento.
 - Test estreptococo.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 10,10 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.

 Miguel Ángel Santalices Vieira Presidente	 José Manuel Balseiro Orol Vogal
 Concepción Burgo López Vogal	 María Aneiros González Vogal
 Carolina Costoya Pardo Vogal	 Santiago González Serrano Secretario